



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 24 de xullo de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 24 de xullo de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 17/07/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/3360

Vistas solicitudes de D. OSCAR PIÑEIRO ANDUJAR, titular do establecemento "MIUDO", situado na RUA ROMERO ORTIZ, 37-BAIXO, TIROCIO, S.L., entidade representada por D. FELIX ACUÑA SANTOS, entidade titular dos establecementos "HIBERNIA", sito na RUA RIVERO DE AGUILAR, 8 – LOCAL Nº 13, "SAMA SAMA", sito na RUA DO ANCORADOIRO – LOCAIS 11-13 – EXPLANADA TIR e "PUB HARBOUR, sito no PORTO DEPORTIVO – ZONA LUDICA (LOCAIS 8, 9 e 10), D. JOSE MANUEL CORES SOTO, titular do establecemento "BAR COCO", sito na RUA MENDEZ NUÑEZ, 27-BAIXO, D. JULIAN ALBERTO DOMINGUEZ ARIAS, titular do establecemento denominado "LA PARRA DE JULIAN", sito na PRAZA MARTIN GOMEZ ABAL, 2-BAIXO, MALPARIDOS, S.L., entidade representada por D. RICARDO SANTAMARIA DEL VALLE, titular do establecemento denominado LA MALQUERIDA, sito na AVDA. DA MARIÑA, 56-BAIXO e DE BEBER, C.B., entidade representada por DONA ELENA GARCIA BUJAN, entidade titular do establecemento GAEL, sito na AVDA. DA MARIÑA, 90-BAIXO, respectivamente, así como os informes incorporados aos expedientes emitidos pola Responsable das Licenzas de Actividades, a Xunta de Goberno Local **informa favorablemente a ampliación de horario de peche nunha hora, con motivo da temporada de veran**, tendo en conta o tipo de licenza municipal de apertura coa que conta cada uns dos local, sendo da seguinte maneira:

Nº DE EXPTE.	ESTABLECEMENTO	TITULAR	TIPO ACTIVIDADE	DE LUNS A MERCORES	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS E VISPERS DE FESTIVOS
13/17-AMP.	MIUDO	OSCAR ANDUJAR PIÑEIRO	2.6.4. PUB	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 03:00 hs. a 04:00 hs.



Nº DE EXPTE.	ESTABLECEMENTO	TITULAR	TIPO ACTIVIDADE DE	DE LUNS A MERCORES	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS E VESPERA DE FESTIVOS
14/17-AMP.	HIBERNIA	TIROCIO, S.L.	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs a 04:00 hs.
15/17-AMP.	SAMA SAMA	TIROCIO, S.L.	2.6.4. PUB	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs. a 05:30 hs.
16/17-AMP.	PUB HARBOUR	TIROCIO, S.L.	2.6.4. PUB	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs. a 05:30 hs.
17/17-AMP.	BAR COCO	JOSE MANUEL CORES SOTO	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs a 04:00 hs.
18/17	LA PARRA DE JULIAN	JULIAN A. DOMINGUEZ ARIAS	2.7.1. RESTAURANTE	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs a 04:00 hs.
19/17-AMP.	LA MALQUERIDA	MALPARIDOS, S.L.	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs a 04:00 hs.
20/17-AMP.	GAEL	DE BEBER, C.B.	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs a 04:00 hs.

PRP2017/3362

Dáse conta do escrito presentado por D. Daniel Ramil Díaz, en representación da **Asociación Provincial de Taxistas de Pontevedra**, solicitando informe favorable para a colaboración dos vehículos con licenza de taxi dos Concellos de Vilanova de Arousa e Cambados para prestar servizos no Concello de Vilagarcía de Arousa con motivo da Festa da Auga, o día 16 de agosto de 2017.

En cumprimento do disposto no art. 36 da Lei 4/2013, de Transporte Público en vehículos de turismo de Galicia, e visto o escrito presentado, a Xunta de Goberno Local informa favorablemente, para a autorización, por parte da Xunta de Galicia dos vehículos con licenza de taxi dos Concellos de Cambados e Vilanova de Arousa, para que realicen servizos especiais con orixe no Concello de Vilagarcía de Arousa con motivo da celebración da Festa da Auga, o día 16 de agosto de 2017.

PRP2017/3363

Dáse conta do escrito presentado por **Naïke Errani**, solicitando autorización para realizar un espectáculo de circo denominado "MAGIC CIRCUS D'AMICO (sen animais), os días 22 e 23 de xullo na Praza da II República.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:



- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/3364

Dáse conta do escrito presentado por Dona Olga Teresa Pantoja Vargas, en representación de **Asociación Hermandad Venezolana das Rías Baixas**, solicitando autorización para realizar unha convocatoria na Praza de Galicia o día 16 de xullo, en horario de 9 a 22 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/3365

Dáse conta do escrito presentado por **Bloque Nacionalista Galego**, solicitando autorización para instalar unha carpa na Praza de Galicia do día 18 de xullo, en horario de 11 a 13:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.



PRP2017/3370

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **CASTROMAN I, S.L.** para o subministro de 200 cadeiras para reposición, por un importe total de 1.640,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3371

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera, S.L.** para a reparación do guindastre do camión matrícula PO1813AU do Departamento de Camiños Veciñais, por un importe de 1.033,07 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3372

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera, S.L.** para a reparación do camión matrícula 5479GJC do Departamento de Camiños Veciñais, por un importe de 656,87 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3373

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento e Alumado Público, a Xunta de Goberno Local acorda que por Clece, S.A. se proceda a realizar a a limpeza do elevador situado no tunel de A Escardia-Estación FF.CC, con cargo á bolsa de horas sen custe para o Concello ofertadas na licitación do contrato de limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello a razón de 2 horas mensuais, sendo o servizo o seguinte:

- . Limpeza exterior de portas a nivel de rúa.
- . Limpeza exterior do elevador no túnel.
- . Limpeza interior do elevador.

Sendo as 11:10 horas auséntase o Sr. Serén Mera.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2017/3378

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a oferta de emprego público 2017, que inclúe as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que deben proveerse mediante a incorporación de persoal Funcionario de Carreira de novo ingreso seguinte:

Grupo/subgrupo	Praza	Nº	Escala	Subes./Clase/categ.
C1	Policía	3	Servizos Especiais	Policía Local



PRP2017/3379

“Dáse conta de informe proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música para o Curso Académico 2017-2018. Visto o informe do Negociado de Recursos Humanos a Xunta de Goberno Local acorda:

- O nomeamento como persoal funcionario interino preciso para o desenvolvemento do programa temporal de clases do Conservatorio Profesional de Música para o curso académico 2017-2018 que figura actualmente na Bolsa de Traballo creada ao efecto, por un total de 92,05 horas semanais coa seguinte distribución:

Denominación	XORNADA COMPLETA		
	horas lectivas semanais	horas non lectivas semanais	Total horas semanais
Prof.Composición	13	3,5	16,5
Prof. Clarinete	11	2,5	13,5
Pro. Gaita	3	1	4
Prof. Percusión	8	2	10
Prof. Piano	25	5	30
Prof. Trombón	5	1	6
Pro. Trompa	3	1	4
Prof. Violonchelo	7	1,5	8,5
TOTAL	75	17,5	92,5

O citado nomeamento abarcará dende o 1 de setembro de 2017 ata o 31 de xullo de 2018.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/3400

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a **Asociación de Diminuídos Psíquicos Con Eles**, para a concesión dunha subvención, por importe de 2.000 €, con cargo á partida 231.48002, para o desenvolvemento de actividades e actuacións realizadas dende o centro destinadas a persoas en situación de discapacidade durante o ano 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2017/3401

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a Entidade **ALCER - Pontevedra**, para a concesión dunha subvención, por importe de 300,00 €, con cargo á partida 231.48002, para o desenvolvemento de actuacións e intervencións encamiñadas á sensibilización en relación á enfermidade do ril crónica, así como a atención integral a persoas afectadas e á súa contorna durante o ano 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2017/3404

Dáse conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión en relación ao anticipo do 50% no 1º cuadrimestre de 2017, da cantidade total financiada en 2016 ao abeiro



do disposto no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento (Plan Concertado 2017).

- 1º anticipo do 50% da transferencia finalista: 62.716,24 €.

A Xunta de Goberno queda sabedora.

PRP2017/3405

Dáse conta de certificación emitida pola Xefatura Territorial de Traballo e Benestar de Vigo en relación co pagamento do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao 1º trimestre do ano 2017, coa seguinte desagregación:

- Mes de xaneiro: 26.048,71€
- Mes de febreiro: 26.159,68 €
- Mes de marzo: 26.942,32 €

Total nómina neta 1º trimestre: 79.150,71 €

Total devengado: 79.150,71 €

A Xunta de Goberno queda sabedora.

PRP2017/3406

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a ampliación do orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de 6 de marzo de 2017 para a realización do obradoiro de formación de maiores “Activa o Corpo, Activa a Mente” por parte de **SACENDI, S.L.** na cantidade de 653,40€,., pasando de 3.702,60 € (IVE incluído) a 4.356,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2313.22634. (proxecto 3 nº 01/10/17).

PRP2017/3421

Vista a adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao Convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Federación Galega de municipios e provincias para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, Aluguer e Mellora do Acceso á Vivenda 2015-2020 e de conformidade co mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como membros da Comisión de Seguimento e Coordinación a:

Dona Iria Camba Rey, coordinadora do Centro de Servizos Sociais Comunitarios.

Dona Tania García Sanmartín, Concelleira de Benestar e Igualdade.

Emprego

PRP2017/3408

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **D. Miguel Rodríguez Rodríguez** (Establecemento MIKEBARBERR)

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.



PRP2017/3409

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **Dona Maria Dolores Torres Martínez** (Establecemento BAR O POLÍGONO)

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.351,44 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/3410

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **D. Oscar Casal Barcala** (Establecemento HOBBY-MANIA).

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/3411

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **Dona Karina Barral Pérez** (Establecemento LA PEPA PÉREZ)

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a subvención solicitada por non reunir a solicitante os requisitos necesarios para ser beneficiaria da subvención, de conformidade co disposto na Base primeira 1.3 do Programa por existir relación de parentesco entre a solicitante da axuda e a anterior titular do negocio.

PRP2017/3412

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús Busto Peteiro, en representación de **Fundación Amigos de Galicia**, solicitando a suspensión da solicitude de subvención formulada dentro do Programa de Axudas Municipais á contratación de traballadores por conta allea 2017.

Visto o informe da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda ter por desistida da solicitude a Fundación Amigos de Galicia.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Mercados

PRP2017/3414

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Carlos López Ferro, en representación da **Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para a apertura da praza de abastos e celebración do mercado semanal, o martes 15 de agosto de 2017.



Visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2017/3415

Dáse conta de escrito presentado por **Dona Beatriz Alvariño Díaz del Río**, en representación de Atlantic Extrem Exports e Clube Deportivo Tumetapersonal, solicitando a colaboración municipal para a realización da proba de natación Triple Corona Illas Atlánticas o día 2 de setembro de 2017.

Dáse conta do informe da Fundación de Deportes.

A Xunta de Goberno Local acorda a colaboración municipal solicitada.

Dar traslado aos distintos Servizos Municipais.

PRP2017/3416

Vista a proposta da Concellería de Turismo a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adxudicación do contrato menor de patrocinio publicitario entre o Concello de Vilagarcía e Dona Beatriz Albariño Díaz del Río (Atlántic Extrem Sport) e Clube Deportivo Tumetapersonal para a realización da 3ª Proba da Triple Corona Illas Atlánticas, por importe de 3.025,00 €, con cargo á partida 432-22602.

Debendo dar conta á Xunta de Goberno Local unha vez levada a cabo a sinatura do contrato e acreditar a publicidade realizada mediante a presentación da correspondente factura e dossier acreditativo das accións realizadas.

PRP2017/3417

Dáse conta de resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de autorización de gasto de 6.000,00 € e aprobación de convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa para levar a celebración das Festas de San Roque 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Promocion Económica

PRP2017/3419

Dáse conta do escrito de D. David de María Castellanos, solicitando autorización para uso das instalacións de Fexdega para a celebración do evento denominado MOTOR OKASIÓN, do 9 ao 18 de outubro. A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que previamente á valoración de dita solicitude deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Acreditará que se trata dunha empresa/profesional adicado á organización de eventos aportando certificación do IAE correspondente, así como de estar dado de alta na Seguridade Social.
- Aportará un plano de ocupación do recinto.
- Depositará unha fianza de 500,00€, ingresando o importe na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948).

PRP2017/3420

Dáse conta do escrito de **Dona Marta García Lago (Agencia KLIP)**, achegando a documentación requirida por acordo de Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2017.



A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle para a utilización das instalacións de Fexdega para a realización da I FEIRA DEGUSTA GALICIA do 1 ó 13 de decembro de 2017, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Ata dez días despois da comunicación da concesión da solicitude

- Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.

- Ingreso do importe do prezo establecido para o desenvolvemento do evento na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948), por valor de 1.500 €.

Antes do inicio da montaxe

- Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e debidamente rexistrado, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse a modificación/supresión deberá estar contemplada explicitamente no plan de autoprotección do evento.

- Presentación da cualificación pertinente das persoas que distribúan alimentos ou bebidas precintados en orixe. De ter que manipular alimentos/bebidas no recinto, deberá certificarse, ademais, o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración se realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

- Deberá presentarse a documentación que acredite a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. Os traballadores poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación.

- Presentación dunha póliza de seguro por unha cantidade mínima de 300.000 €, que cubra a responsabilidade civil do promotor polo feitos que puideran acontecer nas instalacións a disposición do evento.

- Presentación de certificación de continuar de alta no IAE e na Seguridade Social

Antes da inauguración do evento

- As estruturas de montaxe estarán certificadas por técnico competente, e visadas polo colexio profesional correspondente, que garante a súa solidez estrutural, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación.

Si dentro da montaxe das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

Consideracións xerais

- O promotor do evento responsabilizarase da limpeza do espazo que ocupe/use e, unha vez rematado o evento, deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo

- Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas

- Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.

- A publicidade do evento, ou calquera outra cartelería ou similar deberá instalarse nos lugares habilitados para a mesma, de xeito firme e seguro, mantendo un nivel estético axeitado. Antes da súa instalación deberá ser valorada polo persoal de servizo do recinto. No caso de necesitarse autorización administrativa para a instalación da publicidade, correrá por conta do promotor a xestión da mesma.



- Se o evento non chegase a desenvolverse, por mor de situacións alleas a Fexdega, non procederá a devolución de cantidade algunha.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/3376

Dáse conta de resolución da Deputación Provincial de Pontevedra – Servizo de Cooperación pola que autoriza ao Concello de Vilagarcía de Arousa a aplicar a baixa xerada no investimento “Mellora de cuberta e acabado do edificio da Peixería”, por importe de 16.566,30 € no financiamento do investimento “Tarefas a realizar na fachada e interior do edificio da Peixería”. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3407

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto denominado “Urbanización entorno Rúa García Caamaño”, redactado pola Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación Urbana, cun orzamento de execución por contrata de 30.000 €.

PRP2017/3418

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto de “Acondicionamento e mellora dos aseos no Campo de Fútbol de Vilaxoán, redactado polo Arquitecto Municipal, cun orzamento de 30.081,28 € (IVE excluído) ó que lle corresponde un IVE (21%) de 6.317,07 €, o que totaliza un importe de 36.398,35 €.
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, de acordo co establecido na base 14ª do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015, a reinversión da baixa obtida na adxudicación do contrato “Campo de Fútbol de Faxilde”, no citado investimento.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/3461

Dáse conta da Xunta de Goberno Local do cumprimento da obriga de remisión do Período Medio de Pago (PMP), do Concello de Vilagarcía de Arousa e da Fundación de Deportes, correspondente ao 2º trimestre de 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.